



## CERTIFICACIÓN

Don FRANCISCO JAVIER NOVOA JUIZ, secretario xeral do Concello de Vimianzo (A Coruña).

CERTIFICO:

Que a Alcaldía con data 27-03-2023, ditou a Resolución 448/2023 que a continuación se transcribe:

### "RESOLUCION DA ALCALDIA

#### **ASUNTO: Aprobación do expediente de contratación da prestación do servizo de restauración para o XIX Xantar dos nosos maiores. Expediente TEDeC 2023/C004/000001.**

Vista a providencia da alcaldía de data 24/03/2023 na que se xustifica a necesidade desta contratación, nos termos do art. 28 do TRLCSP, e pola que se inician os trámites para levar a cabo a contratación do servizo de restauración para o XIX Xantar dos nosos maiores, do concello de Vimianzo.

Visto que o valor estimado como máximo ascende a vinte e seis mil euros (26.000,00 euros), IVE non incluído e que o orzamento de licitación ascende a vinte e oito mil seiscientos euros (28.600,00 €), estímase procedente a contratación mediante procedemento aberto simplificado sumario, cun único criterio de adxudicación (art. 145.3 g) LCSP) e tramitación ordinaria.

Acreditada a existencia de consignación na aplicación orzamentaria 337.22610 para afrontar o gasto que poida representar esta contratación, segundo o documento contable de retención de crédito núm.220230000970 asinado polo interventor municipal en data 27/03/2023.

Consta informe de data 27/03/2023 emitido polo secretario municipal, en sentido favorable e polo interventor municipal na mesma data, en sentido favorable.

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares de data 24/03/2023 e o prego de prescricións técnicas da mesma data, que constan no expediente TEDeC.

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda da LCSP, ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais.

Considerando o disposto en canto á delegación de competencias nos artigos 23.2,b) da LBRL, e 53,2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e na Resolución da Alcaldía de data núm.767/2019, de data 02/07/2019, modificada por Resolucións da Alcaldía núm.978/2019 e núm.1247/2019, de datas 04/09/2019 e 08/11/2019, respectivamente, de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que a vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local é o día 03/04/2023 e co fin de non demorar a licitación para que se poida executar dentro dos prazos estimados establecidos, considero que concorren as circunstancias que permiten a avocación das competencias por parte da Alcaldía, ao abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, RESOLVO:

Praza do Concello, nº 6  
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001  
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal  
[www.vimianzo.gal](http://www.vimianzo.gal)



Primeiro.- Avocar por motivos de urxencia e para este caso concreto, de acordo co artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a atribución de alcaldía sobre contratacións administrativas delegada na Xunta de Goberno Local.

Segundo.-Aprobar o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas de data 24/03/2023, que rexerá a contratación, por procedemento aberto simplificado sumario, tramitación ordinaria, para a contratación da prestación do servizo de restauración para o XIX Xantar dos nosos maiores.

Dispónse a apertura do procedemento de adxudicación na modalidade de procedemento aberto simplificado sumario e tramitación ordinaria, declarando a insuficiencia de medios para a realización deste contrato e acordando a non división en lotes do contrato, de conformidade coa documentación que obra no expediente.

Terceiro.-Aprobar o gasto por importe total de vinte e oito mil seiscentos euros (28.600,00 €), IVE incluído, de conformidade co disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Cuarto.- Publicar o anuncio de licitación na plataforma de contratos do sector público.

Quinto.-Dar conta desta Resolución na vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local e do pleno do concello.

Contra esta resolución, pode interpoñer:

-Recurso de reposición no prazo dun mes desde o seguinte ao da publicación, diante do mesmo órgano que o ditou.

-Recurso contencioso administrativo, diante do Xulgado provincial do contencioso administrativo, durante o prazo de dous meses, a partir do seguinte ao da publicación, advertíndolle que tamén poderá utilizar pola súa conta, calquer outro recurso ou alegación que estime conveniente.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario, dou fe.

A Alcaldesa

O secretario

Mónica Rodríguez Ordóñez

Francisco Javier Novoa Juíz

(documento asinado electrónicamente)"

E para que así conste, por orde e co visto e prace da Sra.alcaldesa, expido esta certificación, en Vimianzo.

A Alcaldesa

O secretario

Mónica Rodríguez Ordóñez

Francisco Javier Novoa Juíz